

Ruta do camiño vello a Teixido



Ficha Técnica	
Puntos GPS	
O Couto	Latitude: +43° 29' 53.24" Lonxitude: -8° 10' 27.66"
Teixido	Latitude: +43° 42' 44.00" Lonxitude: -7° 58' 59.31"
Características	
Saída	Mosteiro de San Martiño de Xuvia. O Couto
Chegada	San Andrés de Teixido
Lonxitude	42 Km
Duración	13 horas
Interese	Histórico-Etnográfico-Relixioso
Dificultade	Media
Puntos de Interese	
Mosteiro do Couto	
Muíño das Aceas	
Val de Trasancos	
Santuario de San Andrés de Teixido	

A ruta do camiño vello a Teixido xorde da peregrinación a San Andrés, conta a lenda que Xesucristo na súa viaxe o redor do mundo, fixo unha parada de lecer en Teixido, alí encontrou a San Andrés desconsolado pola súa soidade nunha paraxe tan fermosa que ningún visitaba.



Xesús, conmovido ó coñecer a súa situación, prometeu ó Santo que quen non o visitase en vida, faríao despois de morto como condición para entrar no ceo. Motivo polo cal teremos moito coidado de non pisar pequenos bichos, pois di a lenda, poderían ser almas que non visitaron o Santuario en vida, cumprindo así a promesa de Xesús.

Aínda que existen innumerables versións da historia, dela nace a coñecida frase "A San Andrés de Teixido, vai de morto quen non foi de vivo". Unha vez no santuario, a tradición dos romeiros consistía en beber dos tres canos da fonte do Santo tras pedir un desexo, para que éste se cumprise, pero hoxe un cartel advirte que se trata de auga non potable.



Aproximadamente 42 Km suman o total do camiño pero son 13 os que conforman o percorrido entre os límites do Concello de Narón e nos que nos centraremos nesta rota. Partimos do *Mosteiro de San Martiño de Xuvia* no lugar do Couto para dirixirnos ao *Outeiro do Castro de Petouzal* todo arbolado, baixaremos ó *Muíño de As Aceas* para decontado cruzar a Estrada de Castela dirección O Feal por onde pasaremos preto do Castro de Sequeiros. A rota lévanos a *Pena de Embade*.

Seguiremos por A Carreira de Arriba nos límites entre Narón e o Concello de Valdoviño, de camiño ao Monte Esperón encontramos a rota etnográfica do Concello de Narón e no punto máis alto, o mirador o cal nos ofrece una magnífica panorámica do *Val de Trasancos*.

Uns fitos de madeira cun característico grabado dun peixe de cor vermella vannos indicando a dirección do camiño durante todo o recorrido.